

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de decembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas e D. Pío Millán Blanco.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 1 DE DICIEMBRE DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 1 de decembro de 2014.

**SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS**

**2º.- SOLICITUDE JOSÉ MALVIDO MALVIDO S/CONCESIÓN DEMANIAL  
DE NICHOS NO CEMITERIO DE COIRO**

Vista a solicitude presentada o día 15.10.14 por JOSÉ MALVIDO MALVIDO, DNI nº 32.563.051-L, con enderezo en Verín, nº 8-Coiro, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de dous nichos sitos no bloque E, panteón nº 7-letras C e D, do Cemiterio do Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. Malvido Malvido, para concesión de dous nichos no Cemiterio de Coiro.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de dous nichos sitios no bloque E, panteón nº 7-letras C e D, do Cemiterio do Coiro.

## **URBANISMO E VIVENDA**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

##### **3.A.1) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACION DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS**

EXPEDIENTE Nº 18.423.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR SERAFIN CORDEIRO SOLIÑO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 27 de novembro de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Serafin Cordeiro Soliño, con enderezo en Torrecedeira 5 piso 6 Porta J - 36202 - Vigo, para vivenda, sita en Francón - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal Nº 18.812.

EXPEDIENTE Nº 19.459.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR TERESA GARCIA BLANCO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 5 de xuño de 2007, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Teresa Gacia Blanco, con enderezo en Avda. De Lugo - Travesía deportiva 4 - Coiro, para reforma e ampliación de vivenda, sita en Rúa Hio 20 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 19.412.

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### **OBRAS**

EXPEDIENTE N° 25.154.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., canalización en rúa Lirio - Barreiros - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.252.- Purificación Saladina Sotelo Doval, sustitución de pavimento en local comercia en Avda. De Bueu 14 - baixo - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.263.- Luisa Bello Bello, peche de ocos para cumprimento de títulos xudiciais, en Avda. De Ourense 21 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.287.- AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS, mellora de accesibilidade, instalacións e sistemas de información na estación de autobuses no Peirao de Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.300.- Emilia González Nogueira, reparación cuberta en Xielas 7 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.304.- Antonio Antunez Sotelo, reparación cerco en Areacova 77 - Aldan.

EXPEDIENTE N° 25.307.- Carmen Varela Piñeiro, cambio material de cuberta en Camiño Vello de Rodeira 8 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.309.- Antonio Campelo Sánchez, acondicionamento local en Avda. Ourense 1 - Cangas.

EXPEIENTE N° 25.315.- Migu'el Angel Pousa Valladares, reparacións interiores e exteriores en San Cibrán 18 - Aldan.

## ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.778.- IDADES S.L., empresa de axuda a domicilio en Fomento 3 - 2o - Cangas.

## **5º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

### 5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 2/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 1.12.14 referente ó expediente de infracción urbanística n° 2/2014, que é como segue:

*"EXPEDIENTE N° 2/2014*

#### *PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Resultando que no lugar de Rúa Ferrol, n° 1-Cangas, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: instalación dun aparello de aire acondicionado.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Gonzalo Soliño Graña "La Buena Vida" promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días, desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 2/2014.

#### 5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 31/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 3.12.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 31/2014, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 31/2014*

## *PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Resultando que no lugar de Río Esteiro-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar o cambio de pavimento en terraza e 1º andar.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Juan Manuel Lemos Portas, promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo o sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1 .a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que*

*poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.Lk) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011,*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 31/2014.

5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 3.12.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 36/2014, que é como segue:

*"EXPEDIENTE N° 36/2014*

#### *PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Resultando que no lugar de Sartaxéns-Aldan, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en realizar movementos de terras e desmorte de muro de contención de cachotería.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, María Magdalena Marcela Estévez Márquez, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*



*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 36/2014.

5.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA  
Nº 6/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.11.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 6/2013, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 6/2013*

*PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño do 2014, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Rosa M<sup>a</sup> González Cayetano, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar do Frondoal-Liméns, obras consistentes en realizar a construción de cerramento en manpostería e cimentación de formigón en 10 metros de lonxitude, sendo a construción de carácter legalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Rosa M<sup>a</sup> González Cayetano, na súa calidade de promotora é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 3000 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Imponer a Rosa M<sup>a</sup> González Cayetano, na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de TRES MIL EUROS (3 000,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar do Frondoal-Liméns, consistentes en realizar a construción de cerramento en mampostería e cimentación de formigón en 10 metros de lonxitude.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 6/2013.

## **SUBVENCIONS**

### **6º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCION DA ALCALDIA S/APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO ABEIRO DO CONVENIO PARA O CENTRO SOCIO-COMUNITARIO DE CANGAS**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 3.12.14, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio para o centro socio-comunitario de Cangas, que di o seguinte:

#### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Asinado o convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas para a continuidade do Centro socio-comunitario de Cangas, cun financiamento por parte da Consellería de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €), para os gastos derivados da contratación por parte do concello dos servizos de limpeza do inmoble no que se sitúa o centro socio-comunitario, agás as instalacións da cafetería.*

*Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, conforme os traballos da empresa adxudicataria do servizo se realizaron dun xeito satisfactorio.*

*Vista a certificación da Intervención Municipal, conforme os gastos contabilizados con cargo á axuda conveniada ascenden a un total de VINTE E TRES MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (23.958,00 €).*

*Esta Alcaldía resolve:*

\* *Aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA polo importe de VINTE E TRES MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (23.958,00 €), con cargo ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro socio-comunitario de Cangas no exercicio 2014, cun importe de concesión de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €), de conformidade co seguinte:*

• *Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación conveniada LIMPEZA DO CENTRO SOCIO-COMUNITARIO DE CANGAS, son os que se relacionan a continuación:*

<i>Acreeador/a CIF</i>	<i>Nº factura</i>	<i>Importe</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data recoñecemento obriga</i>	<i>Data pagamento</i>
LIMPIEZAS CIES S.L. B36631935	14-000007	2.178,00	31/01/2014	05/03/2014	28/03/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-000250	2.178,00	28/02/2014	10/04/2014	14/05/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-000506	2.178,00	31/03/2014	15/05/2014	04/06/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-000754	2.178,00	30/04/2014	30/05/2014	16/06/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-000993	2.178,00	31/05/2014	20/06/2014	26/06/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-001230	2.178,00	30/06/2014	08/08/2014	03/09/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-001465	2.178,00	31/07/2014	23/09/2014	30/09/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-001694	2.178,00	31/08/2014	10/10/2014	15/10/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-001925	2.178,00	30/09/2014	12/11/2014	21/11/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-002178	2.178,00	31/10/2014	14/11/2014	21/11/2014
LIMPIEZAS CIES S.L. B3663193	14-00	2.178,00	30/11/2014	02/12/2014	03/12/2014
<b>IMPORTE TOTAL</b>		<b>23.958,00 €</b>			

- *Tomouse razón na contabilidade na partida 230-227-00 do orzamento 2014.*
- *Cumpriuse a finalidade da axuda concedida."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio para o centro socio-comunitario de Cangas.

## **7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA COMEDORES ESCOLARES-2014**

### **RESOLUCIÓN**

